

Detalle da obra *Antoine Laurent Lavoisier (1743-1794)* e *Marie Anne Lavoisier (1749-1826)* de Jacques Louis David (Paris 1748-1828, Bruxeiras), 1788, The Met

PON TEA TRO

FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE 2025

Escanea o QR para descargar o PROGRAMA



Concello de Pontevedra



XUNTA DE GALICIA

PON TEA TRO

FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE 2025



FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE 2025

PROGRAMA

XOV 20 FEB | 21.00 h no Teatro Principal
4 x 4
(Ron Lalá)

XOV 27 FEB | 21.00 h no Teatro Principal
#2Pilgrims
(Redrum Teatro)

XOV 13 MAR | 21.00 h no Pazo da Cultura
EL VERDUGO
(El Espejo Negro)

XOV 20 MAR | 21.00 h no Teatro Principal
RECONVERSIÓN
(Ibuprofeno Teatro)

VEN 28 MAR | 19.00 h no Pazo da Cultura
OS MISERÁBEIS
(Cía IES Illa de Ons de Bueu)

XOV 3 ABR | 21.00 h no Pazo da Cultura
CEIBE
(Fran Sieira, Compañía de Danza)

PREZO: 8,00€ (4,00€ reducida) máis gastos

* PREZO OS MISERÁBEIS VENRES 28 MARZO: 3€ entrada única

ABONO: 26,00€ máis gastos

Venda anticipada ata esgotar as localidades en:

Ataquilla

Venda anticipada en www.ataquilla.com | Prezo por función 8,00 € máis gastos

Estudantes, persoas paradas e xubiladas 4,00 € máis gastos - Os Miserábeis: 4,00 € máis gastos - ABONO: 26,00 € máis gastos.

As entradas de prezo reducido pódense comprar por medios telemáticos, pero só se poden retirar na billeteira acreditando a condición de beneficiario.

En caso de non esgotarse as entradas en venda anticipada, a billeteira (do Teatro Principal ou do Pazo da Cultura, dependendo de onde se leve a cabo a función) abrirase unha hora antes do comezo do espectáculo.

Este programa é meramente informativo e a programación pode sufrir variacións por causas alleas á organización.

Consulta a información actualizada na web: <https://cultura.pontevedra.gal>



Foto: David Ruiz

XOVES 20 FEB

21.00 h no **Teatro Principal**

4 x 4

Ron Lalá

Unha viaxe ás catro primeiras obras de Ron Lalá. Un percorrido polas escenas esenciais dos espectáculos que a consolidaron como unha das compañías máis premiadas e aclamadas pola crítica e público: “Mi misterio del interior”, “Mundo y final”, “Time al tiempo” e “Siglo de Oro, siglo de ahora”. Unha ruta teatral e musical, co desafío de revivir as catro propostas e dar conta da evolución creativa e escénica dos “ronlaleiros”. Catro espectáculos nun.

Unha festa de humor crítico e cítrico. Ron Lalá en estado puro.

Creación colectiva: Ron Lalá

Dirección: Yayo Cáceres. **Elenco:** Juan Cañas, Miguel Magdalena, Diego Morales, Luis Retana e Daniel Rovallher.

Duración: 80 min



XOVES 27 FEB

21.00 h no **Teatro Principal**

#2Pilgrims

Redrum Teatro

Lembrades a Sheyla Fariña e a Guillermo Carbajo? Ela protagonizou a serie Acacias 38, e el foi o neno de Pratos Combinados. Agora as súas carreiras están acabadas. Vivimos nun mundo caótico e imprevisible pero grazas a globalización, ás redes sociais, a Netflix e a un ditador psicópata, quizáis lles quede unha última oportunidade que retornar a ese firmamento de estrelas da TVG. O Camiño de Santiago, a igualdade e as novas masculinidades serán os temas principais do proxecto #2Pilgrims, unha aventura cativadora que poderá catapultar as súas carreiras á actualidade internacional.

Autoría: Fernando Epelde

Dirección: Álex Sampayo. **Elenco:** Sheyla Fariña e Guillermo Carbajo.

Duración: 70 min



XOVES 13 MAR

21.00 h no **Pazo da Cultura**

EL VERDUGO

El Espejo Negro

José Luis, empregado dunha funeraria, proxecta emigrar a Alemaña para converterse en mecánico. A súa noiva é filla de Amadeo, un verdugo profesional. Cando son sorprendidos na intimidade, as circunstancias obríganos a casar. Ante a falta de medios económicos, Amadeo, que está a piques de se xubilar, convence a José Luis para que solicite a praza de verdugo, que el vai deixar vacante, o que lle daría dereito a unha vivenda. José Luis acepta a proposta do seu sogro convencido de que xamais se presentará a ocasión de exercer o oficio...

Multipremiada versión teatral de El Verdugo, de Luis García Berlanga.

Adaptación e dirección: Ángel Calvente. **Elenco:** José Vera Nicart, Carlos Cuadros, Lain Calvente e Susana Almahano.

Duración: 90 min



XOVES 20 MAR

21.00 h no **Teatro Principal**

RECONVERSIÓN

Ibuprofeno Teatro

Un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na ría de Vigo.

RECONVERSIÓN é unha viaxe desde a posguerra ata o “Felipismo” dos 80, pasando pola auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista. Un espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que forman unha charanga e interpretan a banda sonora en directo.

Dirección e autoría: Santiago Cortegoso. **Elenco:** Artur Abad, Cristina Collazo, Santiago Cortegoso, César Goldí, Celia González, Davide González, Fran Lareu e Nani Matos.

Duración: 100 min



VENRES 28 MAR

19.00 h no **Pazo da Cultura**

OS MISERÁBEIS

Compañía do IES Illa de Ons (Bueu)

En colaboración co **Salón do Libro**

Adaptación propia, integramente en galego, a partir dunha revisión contemporánea e feminista da novela do escritor francés Victor Hugo. A historia, que na súa orixe transcorre na Francia do séc. XIX e das revolucións de 1830, trasládase agora a un ambiente máis galego, con referencias a temas actuais como a loita pola liberdade, a desigualdade social, a coraxe ou a revolución do pobo.

Texto orixinal: Victor Hugo. **Adaptación:** Catuxa López Pato

Dirección e dramaturxia: Alumnado e profesorado do IES Illa de San Simón. Bueu **Duración:** 90 min



XOVES 3 ABR

21.00 h no **Pazo da Cultura**

CEIBE

Fran Sieira, Compañía de Danza

Ceibe afonda na relación entre o xénero e a nosa tradición neste caso o baile tradicional galego. Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. Reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos, impostos socialmente para establecer distancia coa normatividade e arrastrala cara ás marxas e, desde aí, formular e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos.

Dirección: Fran Sieira e Sergio R. Suárez. **Elenco:** María Montero, Patricia Sánchez, André Adrio, Artur Puga, Martín Mondragón, Adela Otero, Cristina Canosa, Aida Tarrío, Adrao Casal e Francisco Sieiras.

Duración: 55 min